

## BBVA compra Catalunya Banc

Hoxe procedeuse á adquisición formal de Catalunya Banc por BBVA, despois da correspondente autorización da Comisión Europea. Con iso finaliza a incerteza que levan padecendo nos últimos anos os preto de 5000 traballadores e traballadoras de CX, distribuídos polas máis de 700 Oficinas en Catalunya e outras 43 no resto do Territorio.

A pesar da redución dun 50% do equipo, o peche de moitas oficinas, dentro e fóra de Catalunya, e a deterioración das condicións de traballo, o equipo de CX, coa súa dedicación e o seu esforzo, conseguiu manter a empresa, cunha cota de mercado superior ao 11%, moi por enriba doutras empresas do sector.

A incorporación de CX a Grupo BBVA representa a incorporación dunha Entidade que conta cun equipo novo e preparado, que sabe e entende o negocio bancario e pode posibilitar a renovación do equipo en BBVA Catalunya, que debería solucionar dous problemas: a integración da entidade sen medidas traumáticas e a falta de traballadores no BBVA Catalunya.

A fusión e integración de Unnim, cos acordos entre a representación sindical e o BBVA é o mellor referente, un bo exemplo a seguir neste novo proceso. CatalunyaCaixa non necesita novas reestruturacións de persoal, pero calquera medida que poida aplicarse nun futuro, se debe abordar dende a responsabilidade, con medidas de carácter pactado, voluntario e non traumático.

Dende **CCOO**, como primeira medida, pedimos a BBVA:

- Que las 43 oficinas situadas fóra de Catalunya pasen a BBVA o antes posible, para dar estabilidade e seguridade aos seus traballadores e clientes.
- Que as vacantes estruturais que se vaian producindo en BBVA, en calquera punto de España, se ofrezan ás persoas de CX, que despois de ser desprazadas a consecuencia do último ERE, desexen volver aos seus territorios de orixe, vía contrato de circulación con retorno garantido a Catalunya e co compromiso de que se lles aplicará as mesmas condicións laborais que se rematen acordando para CX.

Para as seccións sindicais de **CCOO** en CX e en BBVA, **a principal preocupación** é a mesma que a dos traballadores e as traballadoras: **a defensa do emprego** e que a homoxeneización das condicións de traballo entre os equipos, así como as condicións laborais, se faga de forma ordenada, progresiva e pactada.

**CCOO** somos o sindicato maioritario no Sector Financeiro e en BBVA. A nosa experiencia acumulada, ao ter liderado diferentes procesos de integración, serviranos para levar a cabo unha negociación con alternativas razoables, tanto para os equipos coma para o desenvolvemento eficaz da integración no Grupo BBVA. Somos a garantía de que o proceso contará cos intereses dos traballadores e as traballadoras de ambas as dúas Entidades.

É hora de que a nova dirección de CX e a de BBVA nos expoñan que proxecto de futuro teñen e constituír unha Comisión Negociadora coa representación sindical para dotar de garantías ao proceso.

Lo sensato, lo necesario, es abordar el tiempo que nos viene con la mayor seguridad, la que nos da la organización y la participación.

**CCOO, o teu sindicato útil e eficaz. Co teu apoio, seremos máis fortes.**

24 de Abril de 2015